SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, solo faltaría que si o parking non funciona asuma as pérdidas o Concello, só faltaría iso; tanto vostede (que está integrado totalmente no PP, sempre foi do PP), como o propio portavoz, sempre teñen unha palabra na boca, como todo o goberno: "demagogia"; é a única palabra que saben decir; cando algo non lle gusta é demagogia. Miren, neste país as cousas pasan porque hai uns gobernantes que non funcionan, pero no Concello de Baiona goberna o PP; na provincia de Pontevedra, na Deputación, goberna o PP; no Estado Español goberna o PSOE, que sempre son os rapatundas (en moitas ocasións con tódala razón do mundo); pero é que en Europa tamén goberna o PP, e vostedes falan de que é que veñen impostos do Goberno Central que puxo o IPC; pero é que non todo ven do Goberno Central; en Europa goberna o PP, e a crisis é mundial, pero en Europa tiveron moito que ver os gobernantes, na crisis que hai en todo o mundo, moitísimo que ver; e ahí goberna o PP. A proba é que o partido similar ó Popular goberna en Alemania, goberna en Italia, goberna en Francia, todos gobernados pola dereita, e en todos surxe a mesma situación; nalgúns casos mellor e noutros peor; e a Angela Merkel lle dicen os seus adversarios da oposición que anda a bandazos, e aquí quen o dí é o Sr.Rajoy; e dixerillo ó principio: porque todos fan a mesma clase de política e mentres non cambien o sistema estaremos na mesma situación e pagaran o pato os que menos teñen, de feito hoxe se rebaixou o salarios ós funcionarios, ou se sube o IVA; vamos a pagar sempre os mesmos; as grandes fortunas seguen crescendo cada vez máis; as grandes empresas son as que gañan o diñeiro; e deuse unha situación aquí ben cerca: hoxe abriuse o CARREFOUR en Sabaris, e resulta que os veciños deste pobo levan meses e anos esixindo unha rotonda na curva do Manco e tivo que abrirse o CARREFOR para que se fixera esa rotonda; esa é unha proba do goberno Popular de Baiona; iso o ten claro todo o mundo, e así nos vai neste país e neste pobo.

Efectivamente poden subir un 1,8 máis o 18% de IVA, pero creemos que non se debe de facer; vostedes, parece ser, que tiñan todo ben atado para sacar area de Sabaris, pero non deberon de facélo; e eses márxenes, eses términos que vostedes confunden, son os que lle fan meter o barco nas pedras a este goberno, día a día, e ano tras ano. Polo tanto nós, coa nosa responsabilidade, vamos a votar que non á subida deste imposto; porque ademáis están vostedes eliminando tódalas plazas de superficie gratuitas que hai en Baiona para que os visitantes e os propios veciños deste pobo cando veñen ó centro de Baiona aparquen á forza, porque non hai onde aparcar, dentro dos parkings; e lle podo asegurar unha cousa: esa situación vai a durar mentres vostedes estean no goberno, porque senón están no goberno vai mudar.

SR.VILAR, CMÑ.- Neste debate se está demonizando algo do que todo o mundo debería sentirse orgulloso, todo veciño de Baiona, que son os parkings soterrados; recordo que sempre se dixo que en Baiona non había aparcamentos, e agora é un luxo ter 2 aparcamentos con máis de 1.000 plazas; ésta é unha alternativa costosa, se construíron cunhas inversións importantes por parte das empresas privadas, e permite ás personas aparcar os seus vehiculos cunhas condicións óptimas; ámbolos dous aparcadoiros teñen unha gran calidade, uns bós accesos, e están en zonas céntricas, e lóxicamente todo isto hai que pagálo. Eu son dos que creen que cando alguén chega a Baiona aforra cartos se directamente vai a un aparcadoiro soterrado en vez de dar voltas buscando onde aparcar, porque qué dúbida cabe que temos o espazo que temos e as zonas para aparcar son limitadas e como vostede ben sabe aquí hai que limitar as zonas porque o espazo é o que é, hai zonas onde precisamente os vehiculos o que fan é alterar a convivencia do peatón e lóxicamente hai que pensar nos dereitos do peatón; o feito de ter un coche non te da dereito a aparcar onde ti queiras, senón que tes que aparcar onde realmente poidas facélo; iso é fundamental; e ademáis sei que vostede cando tiña responsabilidais facía tódolo posible por eliminar eses aparcamentos, e incluso controlando a velocidade, aínda que foxe matando moscas a cañonazos cando se colocaron



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

aquelas famosas bandas sonoras; esas eran solucións que vostedes empregaban; nós non empregamos esa solución dende o goberno, preferimos empregar un sistema moito máis disuasorio. Vostedes nos critican decindo que eliminamos plazas de aparcamento, pero o facemos para dar outras alternativas como son aparcamentos de autobuses, que antes non existían; se eliminaron plazas pero se instalou un área onde os moitos autobuses que veñen a Baiona poden cargar e descargar ós seus viaxeiros, isto foi unha iniciativa do goberno municipal; se acabou coa anarquía que había de aparcamento en zona pública pero se substituíu por outra alternativa que creemos que é moito mellor e que favorece máis o colectivismo, como é a chegada dos autobuses ó propio centro de Baiona.

Isto que a ninguén se lle había ocorrido o fixo este goberno, e si se fixeron estas medidas noutras zonas é tamén pensando nos intereses xerais; se eliminaron as zonas de aparcamento que había anarquicas dentro do casco vello de Baiona; se situaron zonas de carga e descarga, para o que houbo que eliminar estacionamentos onde aparcaban vehículos e estaban toda a mañán, ou ata a noite, incluso veraneantes que aparcaban e tiñan o vehículo aparcado dous meses.

Nós, dende o goberno municipal, fixemos sempre unha política responsable de ordenación do noso territorio; e non fumos a saco eliminando plazas senón que o facemos pouco a pouco, para que a xente tome conciencia; chegamos a acordos cos aparcadoiros para que a precio reducido os veciños de Baiona poidan aparcarse o seu coche durante todo o día, como é no caso do Aral; polo tanto, Sr.Fernández, decirlle que aquí se fai unha política moi responsable, pensando nos veciños e pensando nos aparcadoiros, porque hai unha cousa que é unha realidade moi importante que é que cando un veciño se compra un coche o primeiro que ten que pensar é onde o pode aparcarse, porque o feito de mercar un vehículo e pagar o imposto de circulación non lle dá dereito a aparcarse en calquer lugar da rúa, porque o dereito é do peatón, non do propietario do vehículo.

Hai unha relación contractual entre os Concellos e as concesionarias, e nós estamos suxectos á Lei; e se a Lei non cambia dende o Estado, que é quen ten capacidade para regular este tema, nós pouco podemos facer e temos que axustarnos á Lei. Cando se fala dunha política de redondeo, eu vexo que neste cadro que eles presentan, nalgúns casos redondean a máis e noutros a menos; si é 1,75 ou 1,76 se pasa a 1,80, pero si é 1,74 se pasa a 1,70; polo tanto, non creo que sexa ningunha barrabaxada; outra cousa é a subida á que todos estamos sometidos, como subiu o euro, etc., pero nós non somos responsables. O Concello de Baiona levamos conxelados os impostos dende fai moitos anos; non nos caracterizamos por levar unha política agresiva; eu lles pido á oposición responsabilidade, cando menos nas críticas; eu xa sei que non van a votar a favor, é lóxico, cada un xoga o papel que xoga; pero polo menos as críticas deberían ser moito máis obxectivas. Nós estamos a favor deste tema por responsabilidade; non nos gusta que suba todo na vida pero a realidade é a que é, estamos nun Estado de Dereito e ante todo as empresas concesionarias teñen que mirar que se lles respete porque ó fin e ó cabo tamén crean postos de traballo; non podemos demonizar agora a ningunha empresa da localidade, hai veciños de aquí traballando nelas; sexamos realistas. Moitas grazas.

SR.ALCALDE. - Contestando a algunha das preguntas que aquí se fixeron, das obras do parking: están pendentes de que chegue a autorización de Patrimonio; a empresa está encantada de iniciar canto antes a obra; esperemos que nos próximos días chegue esa autorización e se poidan realizar. A mín sorpréndeme sinceramente, porque creo que o Sr.Estévez é unha persoa seria e o demostrou en moitas ocasións, pero sorpréndeme que nun punto diga que temos que rebaixarlle ós funcionarios porque é unha Lei estatal que temos que acatar e sen embargo entende cun contrato firmado polas dúas partes unha delas pode non cumprilo. O que se fixo aquí, e creo que moi ben feito por parte da Interventora, é, ante unha petición dunha empresa concesionaria (non estamos falando dun imposto Sr.Estévez, non intente confundir, é unha concesión), o que fai a Interventora, con gran acierto, é revisar o que se pide e dicir que non teñen dereito a pedir o que eles piden, pero si a outra cantidade que é a que vamos a aprobar neste momento; polo tanto creo que hai que ser razoable.

Quero contestar a estas cousas porque parece que si ún se cala asiente a todo; e me gustou a promesa electoral que fixo o Sr.Fernández de que si él goberna non vai a ser así; entón non sei que fará cos aparcamentos; pero quero recordarlle, porque él fala de eliminar plazas de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

aparcamento, e outros falamos de mellorar a accesibilidade ós peatóns; de feito teño incluso felicitación de familia súa, da calle Marqués de Quintanar, e me din "moi ben, isto é unha maravilla, se pode ir camiñando a todos lados sen problema". Por certo quero recordar que o goberno máis importante que ten o BNG en Galicia é Vigo, en coalición co PSOE, e o outro día falaban os concelleiros do goberno de Vigo de que habían humanizado 200 rúas, é dicir, eu non coñezo ningunha cidade en España que teña menos plazas de aparcamento en superficie que Vigo; e non sei si foi unha aposta do BNG de Vigo, do Sr.Santiago Domínguez, ou si foi unha aposta da coalición, pero curiosamente Vigo é a cidade de España, proporcionalmente, con menos plazas en superficie; humanización de 200 rúas.

Tamén me fai moita gracia que o Sr.Fernández dixera que FENOSA é unha empresa privada e que pode facer da sua capa un saio; carai, "cos seus empregados", pero é que o problema de UNION FENOSA é que casi é un monopolio e que logo temos que pagar nós as tarifas eléctricas, que os empregados de FENOSA fagan o que lles dé a gana ó final o estamos pagando todos nós; por tanto, a mín esas demagogias de dicir que FENOSA faga o que lle dé a gana, que é privada, e os Concellos non, non me vale.

Por certo, a empresa que está na Palma é legal, víu a un concurso público, presentou a oferta mellor según o Tribunal, e por Lei ten dereito a unha subida determinada que quen a aproba ou non é o Concello de Baiona cos criterios, como dixo a señora Interventora, aplicados según Lei; e teñen dereito; podemos ir a outras épocas de Baiona onde non se subían algunhas cousas e logo tiña que pagar o Concello con recargo de intereses de varios anos, como pasou neste Concello durante anos. Hai que ser serios, non pode ser que digamos cunha empresa pode facer da capa un saio porque é privada e que outras non poden facer absolutamente nada.

Sinceramente, quedamos ben decindo que non vamos a subir os impostos, pero isto non é un imposto, e por Lei estamos obrigados; quedamos ben decindo que vamos a facer un esforzo polos funcionarios deste Concello, non, é o que a Lei nos marca, nos obriga a lei e temos que cumpríla. Dixemos que no márxese que a Lei nos permite, actuamos; e no caso dos funcionarios aplicamos que os funcionarios e os laborais fixos tiveran o mesmo desconto; iso é cumprir a lei e facer un esforzo entre todos de sentido común, nada extraordinario pero de sentido común.

O final acabamos falando de Merkel, de Obama; non falamos de Sócrates que é veciño noso e pón agora que temos que pagar as autovías si queremos ir alá; e o peor non é ir alá e pagar, senón a xente que viña aquí e que vai tello moito máis difícil; pero alí igual a empresa que fai isto, como é privada igual está ben que o faga; como é privada, como é portuguesa, aínda que nos vai a afectar moito a todos nós, pois igual está ben, ¿non?. E o que sí me gustaría, Sr.Fernández, é preguntarlle se lle parece mal que se implante CARREFOUR en Baiona, ¿iso é malo?; eu penso cunha empresa internacional, importante dentro do sector, que aposte polo Concello de Baiona, creo que é moi importante; que haxa 65 traballadores creo que é bó para Baiona; si se fai a rotonda que está pedida, e que está no planeamento, e que lóxicamente ía chegar un día ou outro, pois evidentemente canto antes se faga mellor; pero non mellor para os clientes de CARREFOUR, mellor para tódolos veciños de Baiona e tamén para os que nos visitan; é unha mellora de infraestruturas gráteis para o Concello e que vai a disfrutar todo o mundo; dígame se iso é negativo; e vostede despois vai á inauguración, ou sexa, que espero que me diga que é positivo. Noutros sitios non hai apostas dese tipo; en Baiona sí, porque confían en que Baiona é un pobo que pode mellorar todavía máis nos próximos anos.

En canto ó presente punto, é unha subida de 20 céntimos o que significa, e que nós por Lei temos que cumprir; non é que estemos a favor das subidas pero é algo que temos que aceptar, igual que no tema dos funcionarios. Non facemos dende fai anos subida de ningún imposto, os temos conxelados; entendemos que esta é unha situación difícil pero vamos a cumprir coa Lei, non nos queda outro remedio.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vostede ten unha facilidade para confundir cada vez que fala, tremenda; eu quero aclarar o que dixen de que as empresas privadas fan da sua capa un saio; hai uns acordos establecidos entre traballadores e empresa nos que os poderes públicos, políticos, está fora de lugar que interveñan, porque senón eu tamén tería que intervir e tamén tería que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

denunciar actitudes que se utilizan profesionalmente para conseguir favores políticos; pero non vou a entrar nese tema.

Por outra banda eu non dixen que estivera en contra de que se establecera aquí CARREFOUR, nin nomeei ó Concello de Vigo, nin a ningún outro Concello; vostedes, cada vez que se lles chama a atención, van a buscar os exemplos fora deste Concello; ¿porqué non miran un pouquiño para o seu e miran as carencias que hai, Sr.Alcalde?; miren as carencias que hai aquí. Vostedes, ultimamente, non é que haxan humanizado ou non haxan humanizado, é que puxeron rúas de dobre sentido para eliminar aparcamentos nos Tendais; iso foi o que fixeron, e vostedes tiñan un acordo tácito coa empresa que leva o Aral (dito por eles mesmos), de que estaban comprometidos a eliminar plazas de superficie; e iso está escrito na prensa; iso víu no periódico; e iso non é un compromiso cos veciños, é un compromiso coa empresa, Sr.Vilar; as cousas no seu sitio, non confundamos ós veciños cun crucigrama de palabras.

Polo tanto, Sr.Alcalde, diga vostede o que queira pero as cousas non son como as conta; non diga as verdades a medias; diga as cousas como son. Nada máis.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Creo que na miña intervención eu non dixen que subíamos os impostos; estou absolutamente seguro de iso; únicamente achacaba a responsabilidade á empresa, que non lle faltou tempo para que antes de 24 horas xa pedira esa subida; non dixen que o Concello de Baiona fixera nada ilegal; e que hai unha corrección no informe na solicitude desa empresa, que solicitou o 100% da subida ó que non ten dereito según convenio, ¿vale?, que quede claro.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, simplemente decirlle unha cousa, porque "una mentira repetida un millón de veces al final parece que es verdad": o compromiso que hai coa empresa do Aral, como calquer outra empresa, é un estudio de viabilidade económica. Eu non sei se recordará vostede, que ten gran memoria, que antes, no verán, se aparcaba no terreo de xogo do Aral; é decir, os nenos de Baiona non podían xogar no Aral porque se usaba de aparcamento; esa zona era unha das desaparicións de aparcamento que estaba dentro, lóxicamente, do estudio de viabilidade; outro estudio era eliminar bolsas de aparcamento ilegais, en terreos privados que se utilizaban para aparcar; de iso é do que se trata; e o estudio económico-financieiro está ahí; é algo transparente, que o veu quen se presentou, non só a que gañou senón todas, incluso vostede, non hai nada oculto, seguindo un criterio de calidade de servizos para calquer cidadán. Os pobos e cidades dos anos 60 se fixeron para que houbera coches polas rúas, e neste momento se está cambiando esa idea; ¿qué nalgún momento sexa excesivo?, se pode valorar; eu penso que en Baiona non é excesivo e que temos todavía que mellorar bastante con respecto a outras cidades; pero dende logo non hai nada do que dí vostede, é unha actitude que repite sempre porque pensa que con iso me cala.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 7 (5, PSOE, 2,BNG).

Polo cal, o Pleno, por maioría, ACORDA:

Primero.- Aprobar la revisión de precios de las tarifas del aparcamiento público de la Palma, el IPC del periodo mayo 2009-mayo 2010, de conformidad con lo establecido en el artículo 78.3 de la LCSP, y que supone las siguientes tarifas:

-Primera hora: 0,02538 €/minuto, redondeando: 0,0254 €/minuto (IVA incluido).

-Sigüentes horas: 0,02031 €/minuto, aplicando cuatro decimales quedaría: 0,0203 €/minuto (IVA incluido).

Segundo.- Aplicar la subida del IVA del 18 % a las nuevas tarifas, con efectos 1 de julio de 2010 y que quedarán como sigue:



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

-Nueva tarifa con el IVA al 18 %: Primera hora: 0,02584 €/minuto, aplicando cuatro decimales: 0,0258 €/minuto (IVA incluido).

-Nueva tarifa con el IVA al 18 %: Sigüentes horas: 0,02065 €/minuto, redondeando quedaría: 0,0207 €/minuto (IVA incluido).

Tercero.- Notificar al concesionario para la aplicación de las tarifas con efectos del día siguiente a la adopción del siguiente acuerdo.

Neste intre, o SR.ALCALDE fai a proposta de tratar conxuntamente os puntos seguintes 7º e 8º da Orde do Día, e votálos separadamente, non sendo aceptada.

7.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE RELATIVA O PROXECTO DE REORDENACION DA SAIDA DA AUTOESTRADA AG-59 EN SABARIS.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **Sr.LORES, PSOE**, quen dá lectura á seguinte **MOCION**:

O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incremento dos vehículos nas estradas e o maior número de desprazamentos realizados polos cidadáns, fan das interseccións os puntos máis conflictivos para o tráfico e os de máxima siniestralidade. Evitar o cruce de vehículos semellaba a mellor solución, e dende hai uns anos apóstase polas glorietas como a resposta máis axeitada e a máis segura.

Para que as glorietas funcionen nas interseccións e permitan un tráfico fluído seguro, é necesario que reúnan unhas determinadas condicións técnicas, isto é, que sexan de determinado diámetro, que sexan redondas, e que as entradas dos vehículos as mesmas se faga cun ángulo determinado para evitar a falta de visibilidade a esquerda e para obrigar o conductor a reducir a velocidade.

Recentemente tivemos noticias do proxecto de remodelación da glorieta da saída a AG-59 en Sabaris, proxecto no que a Consellería de Medio Ambiente quere dar prioridade ó tráfico da autoestrada sobre o camiño Real.

Este proxecto deixa ós veciños e usuarios do camiño Real nunha situación perigosa xa que van a ter que cruzar unha estrada na que teñen preferencia os vehículos que saen da autoestrada, quedando eles nunha situación de perigo.

A actuación prevista, de levarse a cabo, tal como se informou, non é unha solución, se non un problema,

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta Moción, para que se adopte o seguinte **ACORDO**

- Que se modifique o convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente para que se permita ao Concello redactar un novo proxecto técnico de reordenación da saída a Autoestrada AG-59 en Sabaris. Un novo



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

proxecto que cumpra coas recomendacións técnicas e que garanta a seguridade viaria dos usuarios da intersección, eliminando a preferencia dada os vehículos procedentes da Autoestrada.

- Que se convoque os grupos municipais para facilitar as aportacións co fin de mellorar este proxecto.

Baiona a 24 de xuño de 2010

CONTINUA.- Esta é unha moción que presenta o grupo socialista con espírito absolutamente constructivo e sen ningún ánimo de polemizar en ningún aspecto neste tema; cando tivemos a primeira noticia da remodelación da xa tristemente famosa rotonda de plástico non pudemos máis que dicir que esa era unha boa nova para Baiona, que por fin esta rotonda tivera un tratamento como merece para fluidez do tráfico e saída dunha autoestrada como a que temos en Sabarís. Entendíamos que era unha boa nova, e seguimos pensando que é unha nova que isto se plantexe. Metemos esta moción por 2 cousas: entendemos que non se está facendo unha remodelación senón que simplemente se está eliminando a rotonda e polo tanto non separa o tráfico da autoestrada, co cal os vehículos que saen da autoestrada pasarán polo Camiño Real a unha velocidade incluso superior á de agora, co cal aumentaría o perigo. Trasládase a outra rotonda máis grande que tamén entendemos que debería ter algunhas modificacións; polo tanto o que pedimos aquí é que se paralice este anteprojecto, que se faga unha rotonda que pare o tráfico, que obrigue ós vehículos que saen da autoestrada a reducir a velocidade, e incluso a parar no Camiño Real, non para dar preferencia a ningún dos camiños pero sí para dar fluidez a esa rotonda e evitar que os usuarios do Camiño Real e que como todos sabemos, e ademáis aplaudimos, xa forma parte da ruta do camiño portugués pola costa, que se teña un tratamento especial e se coide ós veciños que alí viven, e que ademáis permita gañar en seguridade que é o obxectivo destas rotondas coas que nós en principio non estamos en contra de que se fagan senón de que se fagan ben. Tamén aportamos e ofrecemos a nosa colaboración para aportar as ideas e o traballo necesario neste ámbito. Por suposto, volver a remarcar que non temos ningún ánimo de polemizar senón de tratar de lograr que as infraestructuras en Baiona cheguen ben e que poidamos elevar a calidade de vida de tódolos veciños. Moitas grazas.

SRA.SIMONS, PP.- En primer lugar me gustaría hacer un poco de memoria a todos los presentes y recordar un convenio firmado en el año 2005 con el actual Presidente de la Xunta, el Sr.Alberto Núñez Feijoo, cuando era Conselleiro de Política Territorial, y el Concello de Baiona, sobre este proyecto de reordenación de acceso, de la autopista AG-57 y pavimentación de viales de servicio de la misma; recordar que tras 4 años de gobierno del bipartito en la Xunta nunca se llevó a cabo, siendo todos conscientes de la vital importancia del mismo para dotar de las mejores infraestructuras y servicios a nuestro Municipio para uso de nuestros vecinos y visitantes. Recordar también al partido Socialista que se trajo en diversos Plenos las diferentes opciones que trae el proyecto y que siempre votaron en contra. En cuanto al proyecto, decir que pretende solucionar la conexión entre el acceso de la autopista, Camino Real, y Avenida urbana de Sabarís, tanto desde el punto de vista peatonal como el tráfico rodado, además de mejorar los diferentes problemas de la zona como puede ser la recogida de pluviales (que se lleva sufriendo tras muchos años), señalización, iluminación, y mejora del pavimento del tramo del Camino Real, y por supuesto, de los viales de servicio de la autopista.

Con respecto a la solución definitiva de la conexión con la AG-57 decir que tras reunión mantenida con los vecinos la semana pasada donde se encontraba presente el Sr.Juncal, como representante de la Consellería de Medio Ambiente, Transporte e Infraestructuras, que ostenta el cargo de Jefe Territorial, se acordó que la constitución de la Comisión de Seguimiento estaría formada por representación de vecinos y el equipo de gobierno. En estos momentos se encuentra, por parte de la Consellería, valorando las propuestas habladas en dicha reunión para posteriormente convocar la reunión de seguimiento. Somos conscientes de que presentaron por escrito las personas que formaban parte de esa Comisión de Seguimiento como vecinos de la zona.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Tampoco deberíamos olvidarnos de agradecer a la Consellería que en estos momentos de crisis invierta en nuestro Municipio con un proyecto que, como ya hemos indicado, fué pedido y solicitado en muchas ocasiones.

También agradecer su presencia en la reunión vecinal y destacar su total implicación en la búsqueda, en la que está en estos momentos, de la solución definitiva. Muchas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sra.Concelleira, eu aínda diría máis; despois de 4 anos de goberno do bipartito esta obra non se fixo, eu diría máis: eu diríalle ós compañeiros do PSOE: "tarde piachendes"; digo isto porque me parece unha moción presentada cun claro oportunismo político, subíndose ó cabalo gañador despois dun traballo feito e de moitas reunións cos veciños e de moitos cabreos por parte dos veciños. Aparte de isto teño que decirlle ós compañeiros do PSOE, compañeiros de Corporación, que estes puntos que solicitan eles non é o que queren os veciños; nesta moción piden: "*Que se modifique o convenio de colaboración coa Consellería de Medio Ambiente para que se permita ó Concello redactar un novo proxecto técnico de reordenación da saída a Autoestrada AG-59 en Sabarís. Un novo proxecto que cumpra coas recomendacións técnicas e que garanta a seguridade viario dos usuarios da intersección, eliminando a preferencia dada ós vehículos procedentes da autoestrada*"; eu pregunto ¿porqué o Concello ten que cargar cos gastos dun novo proxecto?, ¿porqué motivo, a conta de qué?, ¿quen creou o problema no Camiño Real?; e vamos a facer historia, señora concelleira: esa saída da autoestrada (como vamos a leer despois na exposición de motivos da nosa moción, e que teñen tódolos veciños) baixaba en 4 carrís, e 7 metros máis de alta, unha cota superior de 7 metros, e a presión veciñal, liderada pola Asociación de afectados, da cal era eu Presidente, conseguimos baixar a cota de 7 metros a rás do Camiño Real, co cal evitamos un gran impacto visual e medioambiental. No Camiño Real, daquela, a mesma cota que está agora pasaba por debaixo da autoestrada, imaxínese vostede á altura que quedaría a rotonda grande, imaxínese qué altura collería e como quedarían os veciños que alí viviamos. Se reduciu o ancho, polo tanto a afección de máis de 1 km dende o nudo de arriba, do Caeiro, ata abaixo; despois, como se deron conta que había un camiño importante, puxeron unha ponte, que lle impedía o acceso ós veciños de Outeiro, Morade, Bouzós, e Ribeira, porque pensaron que alí non vivía ninguén; con iso se fai unha idea de quen fai os proxectos, que está nunha oficiña e que non coñece o territorio; é así de claro.

Despois de moitas pelexas meteron unha pasarela, pasarela que se lle indicou ó Sr.Inxeniero da Xunta que nunca se ía a usar, o Sr.Escarda, que creo que aínda está en funcións agora mesmo; se lle dixo que nunca se ía a utilizar. Despois apareceu o problema de que a rotonda non collía, e no ano 2004, que estaba eu gobernando en Vías e Obras, conseguimos negociar co edificio redondo, ó lado da autoestrada, para que retranqueara o edificio e así coller unha rotonda de dimensións as mínimas posibles para que a circulación dos barrios de Morade, Outeiro, Ribeira, e Bouzós, e Cruceiro, e o tránsito do Camiño Real, se poidera facer de maneira segura para tódolos veciños, e se creou a rotonda de plástico de maneira provisional; esa é a historia real da rotonda de plástico.

Pero aparte, fixeron a rotonda de abaixo, rotonda que ata día de hoxe funcionou perfectamente; sabemos todos que as rotondas, canto máis grandes, mellor funcionan; a pesares de que dende este Concello se deron licenzas definitivas de ocupación a edificios accedendo aos seus aparcamentos a través da rotonda, cousa que está totalmente prohibida na lexislación; señora concelleira: deu vostede a licenza de primeira ocupación, e o equipo de goberno.

Ben, pois a pesares de que esta rotonda funciona perfectamente, o goberno do Sr.Feijoo resulta que debe sobralle o diñeiro que pretende gastarse nela 620.000 euros, máis de 103 millóns das antigas pesetas; nese proxecto meten os viais, asfaltados laterais da autoestrada, que xa non é tempo de que os asfalten, que xa tiñan que estar asfaltados e grazas á intervención do Sr.Vilar por parte da Deputación, impediu facélo, épocas onde tiñan que haber ó Sr.Benigno deixálo goberno e non llo deixou, e aparte, o tema das pluviais; e efectivamente hai que resolver o problema das pluviais, pero é que o problema estaba resolto; o problema provocoulo Autoestradas, provocoulo a Xunta, porque a canalización de pluviais que hai dende a rotonda de plástico ata o río, o regueiro que hai, era capaz de absorber tódalas augas que chegaban ó camiño Real, e non había inundacións; as inundacións as hai agora porque as augas que caen encima da autoestrada baixan e caen nesa canaleta que non está dimensionada para recoller esas augas; polo tanto, os que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

provocan ese problema é Autoestradas, quen o tiña que resolver no seu día, e así llo indicamos ós inxenheiros, e pasaron olímpicamente dos afectados; non veñan agora a vendernos a burra; eles provocaron o problema, eles que o resolan.

Agora mesmo a cuestión é que a Xunta de Galicia, dentro dese macro proxecto innecesario, pretende resolver a rotonda provisional, e o que nos presenta é unha nota de prensa decindo que se vai a resolver e que hai 620.000 euros.

O portavoz do BNG pediu ese proxecto e o Alcalde lle dixo que non o tiñan, que soamente tiñan un plano, e nola entregou na Comisión Informativa; nola entregou ó BNG e ó PSOE, ó mesmo tempo; o BNG, ante esta situación, convocou ós veciños en assemblea por dúas veces consecutivas, e alí se decidiu por parte dos veciños, libremente, quen ía estar na Comisión de seguimento, de afectados, que se consideraban, e como se debía desenvolver este proxecto; cómo debíamos de aportar nós as ideas a este proxecto; e se decidiu solicitar ó Concello unha Comisión de seguimento onde estivera o equipo de goberno, a oposición, a representación veciñal, e a representación da Consellería. O Sr.Juncal non quedou dacordo en recibir ós veciños só, iso decidiuullo o Alcalde; e naquela reunión de Xogo de Bolos o Alcalde dixo que ían ir os veciños e eu lle dixen que debían de ser os veciños e os grupos políticos, como se facían as Comisións de seguimento das inundacións, porque claro, cando estaba na Xunta de Galiza o bipartito o Alcalde convocaba Comisión de Seguimento onde estaban os grupos políticos da oposición, e agora non lle interesa, agora non lle interesa que esté a oposición, nin que haxa unha Comisión de seguimento onde quede rexistrada na acta os puntos que se acordan; non, agora non; agora quer convocar unha Comisión de amigos; iso non é o que piden os veciños; os veciños queren unha Comisión de seguimento, porque ademais eu entendo que todos podemos aportar algo, e que aquí non sobra ninguén; aquí non sobra ninguén. Polo tanto, o punto 2º que dí: *"Que se convoque ós grupos municipais para facilitar as aportacións co fin de mellorar este proxecto"*, nós non decimos iso, nós decimos que se convoque ós veciños, á Xunta,...

SR.ALCALDE.- ¿Está falando da súa moción ou da presentada neste punto?; eu xa dixen antes que me parecía razoable, cos matices de cada moción, que se discutiran conxuntamente porque os argumentos son similares, e despois que se votaran de forma individual; e non o aceptou.

SR.FERNANDEZ, BNG.- O argumento é o mesmo, o que pasa é que o enfoque é totalmente distinto.

SR.ALCALDE.- O tema é a seguridade dos veciños nesa zona, arredor de iso hai dúas mocións, por iso dixen que se podería falar das dúas momento e despois votar unha e votar outra.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Do que se trata é de que os veciños baixo ningún concepto están interesados neste proxecto que presentan, e non o están porque saben perfectamente que cada vez que crucen esa rotonda se xogan o pellexo; porque é unha rotonda deseñada para facilitar a accesibilidade á autoestrada, para saír e para entrar, pero non para circular os veciños destes barrios; e agora mesmo, se xa a situación é perigosa, imaxínense vostedes con este proxecto. Creo que hai moitas cousas que reformar e que retocar nese proxecto e non creo que os veciños soamente deban estar na Comisión de Seguimento, nin neste caso que sexan soamente os políticos; creo que todos temos algo que aportar. Polo tanto, pediríalle ós compañeiros do PSOE que retiraran esta Moción porque isto que solicitan non é o que reivindicamos os veciños; e vou a dicir máis: antes de entrar no Pleno (e o Alcalde paréceme que o ten no seu poder) entregamos 29 follas con máis de 360 sinaturas feitas polos veciños; isto, como poden entender, é un número maioritario, case a totalidade, dos veciños maiores de idade destes barrios; polo que comprenderán que o que pedimos nós neste caso está amparado e lexitimado por todas esas sinaturas.

A preocupación é grande; a mín, unha das cousas que máis me molestou neste proceso no que estivemos informando ós veciños é, primeiro, que o Alcalde diga nun documento co selo e firmando como Alcalde: "Veciños e veciñas de Sabarís, co ánimo de ofrecervos datos técnicos e veraces sobre o proxecto de urbanización da saída da autopista, o Camiño Real, os convocamos a



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

unha xunta informativa, ...". Mire, vostedes teñen datos técnicos, é certo, truxeron un técnico da Xunta e me parece ben que o fixeran, e eses datos técnicos nós non podemos dálos porque non os tiñamos, non nos deron eses datos e polo tanto non podemos dálos; pero que me diga "... e veraces" quer decir vostede que o que fala, cando foi alí á assemblea, mentiu; dígame vostede onde mentín; ¿onde mentín?, porque os veciños escoitaronme a mín e o escoitaron a vostede, que digan eles si lles mentín ou non. Vostede di "veraces" como quen quer decir co que se dixo era mentira.

SR.ALCALDE.- Vostede non foi nomeado.

SR.FERNANDEZ, BNG.- E na mesma semana dúas veces foi a decirlle ós veciños que non acudiran á concentración porque os ían a multar, para intimidálos; e quen convocou a manifestación, que foi o BNG, tiña tódalas autorizacións feitas e asinadas, e era unha concentración legal; polo tanto vostedes teñen que deixar de gobernar meténdolle o medo no corpo ós veciños porque están defendendo os seus dereitos e teñen dereito a facélo. Vostedes poderán gañar nas urnas, poderán vencer, pero non nos van a convencer dos seus actos.

SR.ALCALDE.- Solo faltaron as barricadas. Despois falaremos da autorización da Subdelegación do Goberno, para que tódolos veciños sepan o que pasou.

SR.VILAR, CMÑ.- Neste tema de materia de tráfico todos estamos aprendendo, e sempre é bó aprender das persoas que máis saben, así poderemos falar con obxetividade sobre todo de temas tan delicados como é o tema das rotondas. Por certo, o Sr.Evaristo Juncal presentouse o outro día aquí, en Sabarís, dando a cara, e eu teño que felicitar neste caso ó representante do PP que viu aquí a xuntarse nun sitio tan democrático como é o Xogo dos Bolos.

SR.ALCALDE.- Sr.Vilar, unha aclaración: non é o representante do Partido Popular, é o Xefe Territorial da Xunta.

SR.VILAR, CMÑ.- Ben, pero está na Administración que nestes momentos controla o PP; a mín xa me gustaría que na época en que gobernaba o bipartito na Xunta viñesen aquí a defender ese tema e dando a cara; o único que recordo é que este mesmo proxecto a anterior Delegada un día no lo presentou, dixo que sí, que se ía facer, colleu e meteullo nun caixón e nunca máis se supo; cando unha Administración ven aquí, a invertir 620.000 euros eu non llo cuestiono en absoluto senón que digo "estupendo, magnífico; fagan vostedes a obra; saquen lla a concurso público e que a empresa que ofrezca máis ventaxas faga a obra"; iso é realmente positivo.

Mire, Sr.Fernández, o tema das rotondas é algo realmente complexo; o obxectivo dunha rotonda é frenar o tráfico cando se chega a ela para facilitar a circulación dos vehículos que teñan preferencia, e lóxicamente senón se da isto as rotondas son perigosas, as veces incluso as grandes como é a de Isolina, na que moitas veces entran os coches que veñen nunha dirección e non contan coa rotonda e pasan directamente sen darlle preferencia ós que están nela, de feito isto ocorre na rotonda de Isolina e por iso é unha das que máis problemas teñen; de ahí que haxa que, dalgún xeito, facer unha especie de desviación, para que os viais afronten de xeito case frontal a rotonda porque iso obriga a frenar e a circular; esa é a máxima fundamental de calquer rotonda. Que conste que este portavoz que lles fala é defensor acérrimo das rotondas e nos caracterizamos por télas na maioría das bifurcacións que existen en Baiona; estamos defendendo dende o goberno municipal incluso construír unha rotonda na zona da carretera da Virxe da Roca, é a única que se necesita para acceder ó casco histórico, para acceder á propia Virxe da Roca, para os autobuses que van ó Instituto, aínda a costa de ocupar parte do Paseo Pinzón, porque entendemos cunha rotonda sempre da xogo; tamén defendemos, o estamos facendo actualmente, a rotonda da curva do Manco, creemos que é necesaria e o goberno municipal aposta por ela; esa zona da Avenida de Sabarís, que agora vai a converterse nunha zona comercial, afortunadamente, con vida, pois cantas máis rotondas teña, mellor. Esa rotonda resolve o problema da Avenida de Sabarís, e tamén a saída da Estación de Servicio.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

En canto á Avenida urbana de Sabarís, é algo moi complexo a ordenación do tráfico; todos sabemos que a Administración que máis se involucrou foi a do Partido Popular, o Sr.Cuiña fixo esa avenida e ademais con inversión da Xunta de Galicia, respetando os volúmenes que tiñan os terreos cun gran beneficio para tódolos propietarios dos mesmos; accedeu tamén a eliminar a baixada, que tiña 4 carrís quedando reducida a 2, co proxecto de Roberto Aya; chegamos a un consenso, a un diálogo, e o aceptamos.

O Camiño Real é un tema moi complicado; o problema que se atoparon alí foi que estaba moi ligado a Patrimonio; pero todos estabamos dacordo en eliminar aquelas alturas, non sei si eran 7, eran 2, 3, pero naquel momento cando no lo plantexaron dixemos que iso había que eliminálo, que non estaba acorde con esa ordenación de tráfico; e non nos deu traballo porque o Sr.Roberto Aya, autor do proxecto, era unha persoa moi cercana e que comprendía os nosos problemas, e se accedeu á eliminación sen grandes problemas.

Neste tema do Camiño Real, como ben dí a portavoz do PP e concelleira de Urbanismo, o proxecto non está pechado; o proxecto está aberto a melloras; e o que sí está claro é que nesa especie de zona central que se vai a eliminar a rotonda e se vai a substituir por unha especie de boulevard, iso vai a ser positivo porque vai a evitar tódolos accidentes que hai nesa rotonda. Creemos que na rotonda grande, e todo o mundo estaba dacordo, ¿onde está o problema?: está na intersección do Camiño Real co Caeiro, e se está falando ahí de construír ahí unha rotonda que por certo o goberno municipal non está en contra de facéla, simplemente queremos que veñan aquí os técnicos da Xunta e nos analicen a posibilidade de construír ahí unha rotonda, no espazo que hai, porque realmente os vehículos que baixan da autoestrada o fan a unha velocidade maior que os que poidan vir do Camiño Real; e incluso cando se baixa dende Morade non se vai directamente á rotonda senón que hai que facer un stop para logo coller a rotonda. Lóxicamente hai que resolver técnicamente ese tema; ¿qué solucións hai?, eles terán que explicarnos cáles hai; terán que dicir que haberá que aminorar a velocidade antes para evitar que entren con velocidade nunha rotonda que posiblemente non chegue a ter as dimensións regulamentarias que require unha rotonda; polo demáis, nós non estamos en contra, faltaría máis; creemos que pode funcionar perfectamente; entendemos que dende o diálogo, dende ese plantexamento, surxen as solucións, e vai a haber solucións, e tamén queremos que haxa inversións. Co que non estou dacordo é con que vostede diga que lle parece caro, 600.000 euros, ¡oxalá invirtiran 800.000 euros!, significaría que se faría unha mellora máis importante, que se poderían abordar máis cousas.

Que todo o mundo esté tranquilo que a solución vai a ser a mellor; e o mellor é acabar dunha vez por todas con esa rotonda de plástico que, por certo, vostede é moi responsable deso porque estiveron gobernando durante 4 anos e non fixeron nada por resolver ese problema; esa é a realidade, Sr.Fernández; e agora ten que ser a Administración do PP, como sempre foi, a que veña aquí a invertir e a pór os cartos. E a mín me consta, e dou fé, que tanto o Alcalde como a concelleira de Urbanismo, instaron á Xunta de Galicia a resolver ese problema dende o primer momento en que tomou posesión o Partido Popular, porque ese era un proxecto que estaba aparcado, desgraciadamente; e a persoa que o tiña aparcado podería vendélo agora como un logro, pero non o fixo e preferiu metélo nun caixón; e o PP, con responsabilidade (llo digo sen ánimo de botarle flores a nadie), sacou ese tema para resolver un problema que estaba ahí enquistado; e hai que estar agradecidos á xestión do PP de acceder a esa inversión; que é fundamental; e a solución que se vai a buscar será do agrado de todos.

Outra historia é que vostede plantexa nun enfrentamento frontal co Partido Socialista, que ó meu xuízo presenta unha moción bastante constructiva, porque vostede dá a impresión de que quer reducir todo ó asambleísmo, estar todos aquí, etc...; mire, hai que confiar nos políticos que ó fin e ó cabo somos representantes do pobo, estamos aquí porque somos representantes dos veciños, e aínda que non nos pagaran posiblemente estaríamos igual.

Sr.Fernández, para estar aquí hai que ter votos; en maior ou menor medida hai que ter votos; creo que o goberno municipal é un goberno cercano, que está facendo as cousas como creemos que hai que facélas; o goberno municipal está unido e vai a facer o que realmente ten que facerse nesa zona; que teña todo o mundo a completa seguridade de que será así. Espero, porque vostede sabe leer entre liñas, e sabe entender, que despois desta reflexión lle quede claro que ahí non vai a haber ningún conflito; que os veciños, tódolos de alí, van a ter a solución idónea, pero sen



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

manipulación; polo tanto que quede claro, Sr.Fernández, que se fará o que haxa que facer. E repito: eu son partidario de rotondas, pero claro, hai zonas que requiren dun estudio técnico, e hai que resolver á vez varios problemas; e ún dos problemas que máis me preocupa é a velocidade con que baixan os coches, non só da autopista senón tamén os da circunvalación; porque mire, Sr.Fernández, sexamos realistas, esa non é unha zona de autopista; esa é unha zona libre de peaxe de circunvalación de Baiona; polo tanto, diga vostede a verdade: que é unha zona libre de peaxe do Concello de Baiona; a autopista remata arriba; ese é o final da autopista; a hai vehiculos que poden baixar por ahí ou poden seguir noutra dirección; pero é unha zona libre de peaxe; deixemos a autopista de lado e falemos do que hai que falar, se accede a unha zona libre de peaxe da circunvalación de Baiona; iso é o que hai que facer.

Lle vou a dar unha recomendación, Sr.Fernández: non sexa vostede nunca un resentido, porque unha das motivacións da súa moción dí: *"Dende o inicio do proxecto da autoestrada, a filosofía dos seus redactores, así como dos gobernantes, foi crear un vial de gran capacidade co fin de traer turismo a Baiona"*, iso é bó, pero é que vostede o dí con segundas, e que eu sepa ese vial de alta capacidade nos comunica co aeroporto, nos comunica co Hospital do Meixueiro, e cantas urxencias resolveu; é un vial de alta capacidade que foi moi positivo para toda Baiona e que a puxo en valor, e hai que mirar os aspectos positivos desa autoestrada, e lle podo asegurar que sempre a defendín, porque mire o que está pasando no Morrazo, onde non hai autoestrada, onde hai un vial de alta capacidade que realmente proporciona un número de mortos moi superior a calquer outro vial dos que existen en Galicia; polo tanto, non demonizemos a autoestrada.

Eu sei que dende o BNG vostedes se permiten, cando están no poder, vender a moto e facer o que lles dé a gana; pero sexamos demócratas e digamos as cousas como son; non demonizemos e non creemos conflito onde non o hai, porque eu lle podo asegurar que este goberno, e o goberno do PP na Xunta de Galicia, que foron os únicos que invertiron aquí en Baiona en materia de autoestradas, de carreteras; outros non o fixeron, e o exemplo máis claro é éste: se tivo este proxecto durante 4 anos gardado nun caixón e cunha rotonda de plástico con responsabilidade única e exclusiva do PSOE e do seu socio o BNG, e agora ven o goberno do PP a resolver ese problema, dando cumprimento a un convenio anterior, e invirtindo aquí esta cantidade; esta é a realidade política que hai, non a que vostedes defenderon e que se lle miraron os colores desa falta, dese rechazo, ata o desarrollo de Baiona. Moitas grazas.

SR.LORES, PSOE.- Antes dixen que non tiña ánimo de polemizar, moito menos o teño de polemizar dos compañeiros do BNG. Contestando ó BNG, nós imos apoiar a súa moción, sen ningún problema, parécenos ben. Segundo, ningún grupo neste Pleno ten a exclusividade de representar ós veciños, ningún grupo; aquí estamos os que estamos e temos a representación que temos; e dentro dun ano volveremos a pasar polas urnas e volveremos a acadar cada ún a representación que sexa; pero ninguén aquí, nin o PP, que é o grupo maioritario, nin o PSOE, nin o BNG, nin CMÑ, teñen a exclusividade de representar ós veciños de Baiona; os veciños de Baiona están representados neste Pleno, e cada ún coa representación que ten; ós veciños representámoslos todos, e cada ún na súa responsabilidade. Ese tipo de afirmacións sobre quen é quen máis representa está solucionado nunhas eleccións municipais onde cada ún temos a representación que temos, e non convén facer ningún tipo de estrutura paralela que poña en duda a representación lexítima que son as das eleccións. Eu non estou en absoluto en contra de darlle ós veciños participación, por suposto; pero a representación lexítima é a que está neste Pleno e non podemos en ningún momento dudar da nosa estrutura democrática porque senón estaremos falando doutras cousas, independentemente de que nós estamos totalmente a favor da participación dos veciños; estamos a favor de que a transparencia en tódolos proxectos sexa coñecida, discutida, e valorada, polo maior número de persoas e de técnicos, sen ningún problema; pero sempre dentro da operatividade, indudablemente; polo tanto, contestando ó Sr.Fernández, nós estamos neste Pleno, e cando aparece a información da rotonda, estudiámola, valorámola, e presentamos unha moción neste Pleno que é onde entendemos que temos que facelo; é unha moción que pretende dar solucións aos veciños, ós de Baiona, ós de Baredo, a todos os que utilizamos o Camiño Real e esa rotonda; que dé seguridade e viabilidade técnica e económica.

Dí tamén o Sr.Xose Enrique que non é o Concello quen ten que facer un proxecto; eu non sei si ten que pagálo ou non, pero entendo que tódolos proxectos que van a afectar ós veciños de Baiona teñen



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que pasar por este Pleno; polo tanto digo que se modifique o convenio, o cal non significa que vaíamos a pagar todos; pedimos que se reúnan os grupos municipais porque entendemos que sí estarían así representados tódolos veciños; que sexa un proxecto que se discuta e se debata neste Pleno, e tamén coas aportacións lexítimas e útiles de tódolos veciños, que son os que están alí e teñen un coñecemento máis real do que acontece en cada unha desas estradas, en cada ún deses camiños; iso que vaia por diante.

Sr.Vilar, e Sra.Ana Simons, parece ser que estivo 4 anos escondido nun caixón, ¡é que algo máis de 4 anos ten esa rotonda!; a primeira inversión que fixo o PP foi os plásticos, estiveron os plásticos durante moitos anos; esa foi a primeira inversión do PP: os plásticos; e seguen os plásticos; entón supoño que o sainte Goberno da Xunta deses 4 anos, nos cales non deu tempo a máis, non será o culpable de que antes xa estiveran alí; e cando falaba a representante do PP dese famoso acordo do que agora é Presidente da Xunta e antes Conselleiro de Política Territorial, D.Alberto Núñez Feijoo, sí houbo acordo, pero xa cando tiña dudosa lexitimidade ese acordo porque acababa de perder unhas eleccións o PP, e xa fora despois das eleccións; houbo un acto en campaña para facer iso pero quedou paralizado; non houbo interés, nese momento, de solucionar ningún problema de Baiona; había un interés exclusivamente partidario, electoral, e despois perderon as eleccións; iso foi o que pasou; pero durante os 4 anos que estivo o Sr.Núñez Feijoo como Conselleiro de Política Territorial os plásticos estiveron ahí; e despois non deu tempo porque tivemos o tempo que tivemos, de 4 anos, e neses 4 anos non se ía facer unha autopista, é imposible; ¿está o PP gobernando na Xunta 20 anos e resulta que despois tódolos problemas son estes 4 anos?, pois non; non é así; ¿que fixo coas boas?, indudablemente; ¿que invirte en Baiona?, claro; ¿que nós estamos a favor de que se invirta en Baiona?, por suposto; ¿que estamos a favor de que se faga unha rotonda?, sí, pero que se faga ben; ou sexa, non é un problema do montante de inversión; de pouco vale si se botan moitos cartos e se fai mal; pretendemos que con menos cartos, si pode ser, se fagan as cousas mellor; iso é o que pedimos.

Respecto ó compañeiro do BNG, nós vamos a votar a favor da moción, sen ningún problema; moitas grazas.

SRA.SIMONS, PP.- Simplemente aclararle al Sr.Lores que si dice que en 4 años no dió tiempo a cambiar una rotonda de plástico, lo que sí le voy a recordar es lo que ocurrió recientemente con un carril bici, que en plena campaña electoral se licitaron unas obras; entonces no es cuestión de tiempo, es cuestión de querer solucionar un problema en este Ayuntamiento.

Aclararle también al Sr.Fernández, que siempre tiene lapsus urbanísticos o cuenta verdades a medias, las primeras ocupaciones sí se dan en Junta de Gobierno pero se dan con un informe favorable de un técnico municipal que comprueba que se ajusta a la licencia de obras; entonces, no es exactamente como usted dice que se dan como se fuera aleatoriamente; se dan en base a unos informes técnicos.

Despues también aclararle que nosotros no vamos a entrar ni en la demagogia, ni en el memoria selectiva que tiene, que siempre se remonta al pasado; nosotros lo único que pretendemos y queremos es, en el presente y cara al futuro, solucionar los problemas de nuestros vecinos, y en ello es en lo que estamos; no nos remontamos a la época del hombre de Neandertal para poder solucionar algún problema actual.

SR.FERNANDEZ, BNG.- En primer lugar aquí ninguén ten a exclusividade de representar ós veciños; todos temos a nosa responsabilidade de representar ós veciños; non sei si me expliquei mal ou me interpretou vostede mal; o que sí é certo, e non cabe duda ningunha, é que se o BNG non da o paso de convocar unha asemblea informativa os veciños a día de hoxe non se enteraban de nada nin estaban aquí reclamando os seus dereitos; foi o BNG quen deu o primer paso; todos podíamos habélo feito, pero nadie o fixo máis que o BNG, e iso é así de claro.

Vostede dixo tamén de que están totalmente dacordo en que os veciños participen na elaboración, pero aquí hai o escrito que hai, e non o pón; por iso lle digo que nós entendíamos que estabamos lexitimados, polo amparo desas máis de 360 firmas, para o que nós pedíamos de trasladar o que pediron os veciños; nin máis nin menos; e iso se fixo en asemblea.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Sra. Simons, efectivamente nas Xuntas de goberno, por norma xeral, os concelleiros (neste caso de Urbanismo, como vostede), e o Alcalde, e o resto dos concelleiros, van ós informes técnicos, e en base ao que poña neses informes, pois dan unha licenza ou non se dan; pero é que este pobo non é tan grande e estou seguro de que vostede pola rotonda grande ten pasado moitas veces; e vostede non é nin médico, nin electricista, nin albañil, vostede é unha arquitecta titulada; e vostede coñece mellor que ninguén dos que están aquí, en materia de urbanismo, a lexislación vixente; e vostede coñece que calquer edificio ten prohibida a saída da garaxe a unha rotonda; e vostede, a pesar de iso, de que o técnico correspondente dí que non hai informe desfavorable, vostede sabe moi ben que esa rotonda non pode ter unha saída de garaxe e deu unha licenza de ocupación cunha saída de garaxe á rotonda, cuestión perigosísima, e son dúas xa: unha, a ese edificio, e outra ó primer edificio que se fixo ahí que está indo ata Vigo á esquerda; dúas saídas de garaxe nesa rotonda; pero aínda iso non é suficiente para xustificar esa obra porque nesa rotonda si se producen accidentes, como ocorre en tódalas rotondas, é porque non se respeta a normativa vixente; e facendo vostedes esta barbaridade de proxecto que pretenden facer vai a seguir habendo os mesmos accidentes.

Por outro lado, se hai inversións, Sr. Vilar, nós recibímolos de lindo gusto; pero vamos a ver ¿non lle acabamos de descontar o soldo ós funcionarios para aforrar diñeiro?, ¿non acabamos de descontarlle o soldo ós políticos para aforrar?, aforran vostedes 60.000 por un lado e gastan 620.000 por outro ¿en qué quedamos?, ¿en qué país vivimos?; eu dígolle unha cousa, fagolle unha proposta: convezan vostedes ó Sr. Feijoo que simplemente resolva o tema da rotonda de plástico, que resolva o problema de pluviais, que asfalte os laterais, e o resto de diñeiro que o siga invirtendo en Baiona nunha Casa de Cultura para Sabarís, que non temos; en tódalas Parroquias teñen Casa de Cultura, menos en Sabarís; é máis, en Belesar vaise ampliar a existente, que se fixo fai 2 anos; me parece moi ben, pero en Sabarís non hai; e o diñeiro que sobra, senón dá para facer unha Casa da Cultura, polo menos dá para empezar.

Vamos por puntos: as rotondas existen para dar preferencias, vostede coincide connigo en que neste proxecto que nos presentan dá preferencias, a accesibilidade da autoestrada, á entrada e á saída, non ós veciños; o que queren os veciños é unha rotonda que dé preferencia a todos por igual, é dicir, aplicar a normativa: o que entra pola dereita é o que ten preferencia; esa é a rotonda que queren os veciños; non a que nos puxeron.

Segue decindo, segue vostede pensando como militante do PP, ao mellor segue sendo, non sei, e dí: "A Administración do PP", mire, a Administración é pública, non é do PP; ese é o gran erro deste goberno local, pensan que as Administracións e os seus funcionarios que son propiedade deles; así veñen os problemas que veñen; así o Alcalde ten problemas coa Policía Local e acaban no Xulgado, e perde; así a Concelleira de Urbanismo ten problemas cos traballadores da oficina de Urbanismo e se enfrenta a eles tódolos días; porque pensa que son os seus criados, e aquí non hai criados de nadie; aquí hai traballadores responsables.

Vostede dí que non está en contra do que piden os veciños, pero en cambio, eu quedo asombrado, resulta que vostedes están por conseguir para os veciños o mellor, están porque os veciños participen e mellorar o proxecto; e vamos a ver ¿entón porqué non fixeron nada ata agora e este proxecto saíu a licitación xa?, xa está colgado na páxina da Xunta, porque xa está a licitar; e no momento que se licite, a empresa que vai a facer o proxecto, para modificar o proxecto, hai que negociálo, e ao mellor volverlle a pagar; polo tanto, non licitemos, que foi o que lle pedín eu ó Alcalde no último Pleno: faga vostede as xestións oportunas para que esta obra non se licite porque no momento que se licite vostedes xa teñen a disculpa: "é que como está licitada xa non se pode modificar", claro, e os veciños que acaden as consecuencias; polo tanto, vostedes, que son os salvadores da Patria, deixan que a Xunta faga un proxecto aquí, que nin tiñan constancia dél, e o outro día o Xefe Territorial o dixo ben claro, que non van traer aquí un proxecto mentras non se aprobe, home, pois despois de que se aprobe dobre chollo; haberá que traer un anteprojecto, estudiálo coa Corporación, ou co goberno, e despois unha vez que hai consenso, pois sacálo a licitación e executálo; vostedes non, dixeron: o goberno local é un goberno cercano á poboación; ¡vaia cercanía, amenazando ós veciños que se van á concentración que os multan!, ou que si se



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

poñen diante dos camiións de area que os multan. Dixo vostede tamén: “é que vostede está manipulando ós veciños”, xa me gustaría ter a mín a capacidade de manipular a todo un pobo; non son capáz, é imposible. Os veciños que están aquí viñeron porque quixeron, porque están no seu dereito de defender os seus intereses; nós non os manipulamos; iso é cercanía, non o que dicen vostedes; iso non é manipulación, entre outras cousas porque os veciños de Sabaris non son tontos; por encima de todo non son tontos; saben moi ben o que queren; e vostedes saben, e me alegro de que recapaciten, de que retomen o tema e resolvan; oxalá; oxalá dentro de 2 días digamos “está o problema resolto”; e eu llo dixen ós veciños na concentración: “ir todos xuntos á reunión co Alcalde, e escoitálo, porque se os dá a solución, aplaudirlle; e se acabou o problema”; non foi a solución, foi a xustificar o proxecto do Sr.Feijoo porque temos un Alcalde que agacha as orellas ante os seus superiores; antes, cando gobernaba o bipartito, todo eran problemas, todo eran peros, todo estaba mal; agora, non fai falta nin mirar os proxectos, está todo correcto; e iso non é así; poden querer facer aquí inversións pero o goberno local, o Alcalde sobre todo, ten que ter coñecemento do que se vai a invertir e do que se vai a facer, e onde e cómo se vai a facer, porque ten a obriga de defender os intereses dos seus veciños; para iso o elixiron; non para supeditarse á directrices externas deste pobo.

E miren, a mín deixen de botarme culpas do bipartito porque eu quero recordarlle: a Consellería da COPTOPV sí fixo aquí inversións, e hai que recoñecélo; non resolveu a rotonda de plástico pero sí conseguiu que se executase a circunvalación a Baiona; iso foi unha obra do bipartito, que levaba o PSOE. E a Xunta de Galiza, cando gobernaba o bipartito, invertiu aquí máis que o que leva invertido o PP dende sempre, ¿sabe porqué?, porque a Galescola se fixo por unha decisión do bipartito, do meu compañeiro Anxo Quintana, decidido por él, e as xestións que se fixeron foron dende o BNG de Baiona, non dende o Alcalde; e se conseguiu o diñeiro para o Centro de Día polas xestións do BNG, non do Alcalde, que cando chegou a súa responsabilidade de executa-las obras resulta que pararon as obras e alí está sen estrenar cando tiña que estar utilizándose fai tempo; e a Consellería de Medio Ambiente fixo a depuradora.

SR.ALCALDE. - Sr.Fernández, o convenio ¿quen o firmou?, ¿vostede, ou o Alcalde?.

SR.FERNANDEZ, BNG. - Vostede se enterou que ía haber unha galescola en Baiona cando lle deron todo feito encima da mesa; nin máis nin menos; vostede non moveu un dedo; porque a todo isto, estaba en contra das galescolas; entón non me veña aquí agora a vender a burra porque non é así; a vostede plantaronlle diante todo, firmou, e se acabou; non houbo máis; e cando tivo que xestionar a diñeiro que lle deron para facer o Centro de Día deullo a unha empresa que foi á ruina, que ben se sabía xa naquel momento en que situación estaba, e deullo o equipo técnico que convertíu o Centro de Día nunha auténtica ruina, así están cos problemas que están e os que terán máis adiante; iso é así de claro.

SR.ALCALDE. - Sr.Fernández, o que está ben: o Centro de Día e a Galescola, é seu; e o que está mal é meu, ¿non? ¿é así o resumen?.

SR.FERNANDEZ, BNG. - Sr.Vilar, xa para rematar, di vostede que a baixada non é autopista, está libre de peaxe; vamos a ver ¿e qué diferenza hai?, porque voulle a explicar unha cousa que os veciños sí coñecen, dende a alabrada a ambos márxenes, a afección da autoestrada son 100 metros; arriba, abaixo, a dereita e a esquerda; ¿qué máis dá que lle fagan pagar aquí ou alá?; a circunvalación é grátis, toda a autoestrada tiña que ser grátis; porque vostedes, é increíble, señores do PP que saen na prensa manifestando, esixíndolle a Portugal, que non se paguen peaxes, e aquí vostedes fan autoestradas con peaxe; ¿pero en qué mundo estamos?. Se no momento que se fixo a autoestrada se fixeran intercomunicacións parroquiais, que era o que pedíamos dende a coordinadora pola alternativa a autoestrada, ¿se acorda?, pedíamos iso exactamente; non sucedía o que sucede; e nas afeccións, a mín me da igual, que a valla chegue ata abaixo, e da valla á dereita hai 100 metros e da valla á esquerda hai 100 metros de afección; e dígallo ós propietarios, ós veciños que teñen propiedades neses 100 metros, dígallo o que pasa cando queren facer algo, cando queren colocar un poste, porque o vixiante da autoestrada vixía a



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

parte de arriba e vixía ata a rotonda de plástico. Polo tanto nós temos moi claro ata onde chega a autoestrada, como funciona, e todo iso, non nos veña aquí a dar clases; e efectivamente é un medio de comunicación rápido, importante, pero que foi feito coa filosofía que foi feito, tanto polos promotores como polos gobernantes; se a filosofía houbera sido outra, outro galo houbera cantado.

SR.VILAR, CMÑ.- Dúas cuestións nada máis; a primeira délas, si, se fixo unha circunvalación do Val Miñor, pero ¿a qué prezo?, porque a Xunta non pagou senón que se ampliou a concesión e lóxicamente se fixo a un prezo moi elevado; se fixo dende a Xunta ¿a qué prezo?: a un prezo moi alto. Eu, dende sempre, estando no PP, ou agora, sempre defendín o peaxe único para o Val Miñor, o teño repetido aquí ata a saciedade; o lóxico é que houbera un peaxe único ata a zona de Vilaza, e que logo o Val Miñor foxe libre de peaxe, con tódalas ventaxas e tódolos inconvintes; vostede sabe que eu sempre defendín iso, de sempre, e desgraciadamente non se fai e a Xunta do bipartito optou por facer uns enlaces no Val Miñor ampliandolle a concesión á Autoestradas e hipotecando a posible gratuidade do peaxe desa circunvalación para moitos anos.

En canto ó outro tema, mire, existe alguén nesta Sala que nun momento de crisis, cando te sacan un proxecto a licitación, lle diga “non, non, vou a correxilo pero non o saquen”, porque ó mellor te din que sí pero cando o queren sacar, coa crisis, van e te din “non hai cartos para facélo”; estou seguro que nun momento de crisis ningún Alcalde, ningún goberno, nin nadie, nin siquera a oposición, lle dí “non, pararme ese proxecto, xa o sacaredes máis adiante cando llo corrixan”; no momento que está o proxecto no Boletín todo o mundo se frota as máns e que se faga, que ademais iso é o que dí o sentido común.

Estou seguro que o que queren os veciños é que se saque ese proxecto pero que logo se fagan as modificacións que haxa que facer, porque as empresas poden facer esas modificacións. A nadie no seu sano xuízo se lle dí “non; retirarme o proxecto”, porque no momento o retiran pero quen sabe se os recortes ós que nos somete o Sr.Zapatero, con esa imprevisión, vai e nos dí “as Comunidades Autónomas teñen que recortar o gasto” e tódolos proxectos que estaban pendentes volaron; por iso Sr.Fernández, vostede que é moi listo, sabe que nadie retira un proxecto que esté xa a licitación, e que todo o mundo opta polas modificacións dese proxecto. Vostede, nesta situación actual, faría o mesmo.

Polo tanto sexamos realistas e coherentes, non sexamos demagogos; a responsabilidade do goberno municipal está por enriba de calquer outra discusión. Este é un proxecto que se vai facer e estou seguro que todo o mundo quedará contento, estou completamente seguro, van a quedar contentos todos.

SR.LORES, PSOE.- Para rematar, pedir o apoio dos grupos do Pleno non para que se deixe de facer a rotonda senón para que se faga ben; iso é o que estamos pedindo, que se paralice o que está agora que técnicamente non serve e que os veciños, os grupos aquí representados, estamos en contra; que se faga, que se paren a revisar o proxecto, que se faga ben, e para adiante. Iso é o que pedimos, non que se metan cartos por meter cartos, en época de crisis iso tampouco se fai Sr.Vilar; non hai que tirar os cartos; hai menos en épocas de crisis, ou sexa, hai que facer as cousas ben, que sirvan para algo; gastar por gastar tampouco pode ser; que se fagan as cousas ben é o único que estamos pedindo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- E unha cuestión de orden; eu pedín a retirada, pero é que o portavoz do PSOE dí unha cousa pero está pedindo outra; “que se fagan as cousas ben”, iso queremos todos; pero é que él pide aquí concretamente que se faga un proxecto. En canto á nosa Moción, é a seguinte:

“ EXPOSICION DE MOTIVOS.

Dende o inicio do proxecto da autoestrada, a filosofía dos seus redactores, así como dos gobernantes, foi crear un vial de gran capacidade co fin de traer turismo a Baiona. Esta cuestión que tanto no seu día como hoxe é importante, non debe de ser a única que se deba de ter en conta.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Non en van, a AASS de veciños afectados de Sabarís, no seu día, conseguiu con presión veciñal a mellora do proxecto inicial en varias cuestións importantes. Unha delas foi sen dúbida reducir o ancho do vial de enlace de catro carrís a dous e baixar a cota en máis de 7 metros de altura. Este rebaixe de cota supuxo que alcanzase a mesma altura na intersección do Camiño Real.

Despois de varios proxectos absurdos e fora de lugar, os veciños conseguimos que se instalase unha rotonda provisional, intercalándoa no Camiño Real e facilitando así o tránsito rodado e peonil tanto da autoestrada como dos barrios de Outeiro, Morade, Ribeira, Bouzós e o Cruceiro.

Esta rotonda o longo dos últimos anos, funcionou satisfactoriamente demostrando que os veciños tiñan razón, así mesmo tamén se demostrou a inutilidade da pasarela alí montada.

A pesares do cambio de goberno na Xunta, o exceso de miopía política, impediu a os responsables desta área levar a cabo unha solución definitiva a este elemento regulador do tráfico.

Fai uns días, a través da prensa escrita, o BNG enterouse dun proxecto definitivo que o goberno da Xunta sacou a licitación.

A vista da información que temos, claramente podemos comprobar que o proxecto que se presenta non resolve nin moito menos, máis ben empeora, a seguridade tanto dos vehículos como dos peóns que por alí circulan, dando preferencia á circulación da autoestrada a conta dos veciños que volven a sufrir a mesma filosofía pola que se construiu.

Tampouco entendemos a modificación da rotonda grande nin en que se basean para facélo, gastando no proxecto máis de 620.000 €, que en época de crisis nos parece un auténtico despilfarro.

E por todo o exposto que o BNG ante a alarma social que este tema xera, ten a ben propór ó Pleno do Concello de Baiona o seguinte

ACORDO:

Crear unha Comisión de Seguimento para chegar a un acordo coa Consellería e Concello formada polos grupos municipais e a Comisión de veciños/as elixida en assemblea para tal fin."

CONTINUA.- Decir que a miña intervención está baseada na exposición que fixen da Moción e no acordo que se tomou na assemblea veciñal, e dacordo con tódolos veciños, e creo que vai a ser a solución para chegar a un acordo conxunto e satisfactorio para todos; os veciños teñen moi claro que no Camiño Real ten que haber unha rotonda que dé preferencia ó que ven pola dereita, como establece a normativa; ten que haber unha preferencia para os que veñen pola dereita, é dicir, unha rotonda que se sitúe o máis encima posible do Camiño Real, para que isto funcione correctamente; queren que se tomen as medidas correctoras suficientes (chamemoslle pasos elevados de peóns) para impedir as grandes velocidades que se adquiren nese punto, e así poder cruzar os peóns tranquilamente e con toda seguridade; e queren, por encima de todo, que retiren a pasarela, porque están convencidos que mentres a pasarela siga existindo ahí haberá algún gobernante que veña por detrás e que intente obrigar ós veciños a usála; e esa pasarela nin se usó nin se vai a usar nunca; polo tanto pedimos que se retire.

Creo que nunha Comisión de seguimento se pode chegar a acordos porque todo o mundo está pola labor de maneira constructiva; temos moi claro o que queren os veciños, e dende logo nós vamos a defender esta postura; e creo que o Alcalde, o primer día que lle expliquei, despois da Comisión Informativa, cando me ensinou o proxecto, o entendeu perfectamente; eu pídlle que fagan un esforzo e que esixan, onde haxa que facélo, as medidas que haxa que tomar para que isto se faga



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ben. Outra cuestión importante, nas época que estamos, é pedir que non se tire o diñeiro público, veña de onde veña, aínda que veña de Europa; que non se despilfarre o diñeiro.

SR.ALCALDE.- Vou facer unhas puntualizacións e dar unha explicación de voto; hai unha retirada pendente e despois están as dúas mocións para votación.

Quedou claro ó longo da mañá que hai unha clara preocupación dun grupo de veciños, que tamén quedou constatado na reunión que tivemos no propio terreo, na zona de bolos da Rega, onde quedou perfectamente expresado; os veciños de Baiona, e concretamente dos Barrios de Morade, Outeiro, Ribeira, de toda a zona, non están en contra dunha mellora do que hai agora, no tema da recollida de pluviais, tema de iluminación, tema de seguridade vial, e teñen unha gran preocupación pola zona da rotonda que neste momento é de plástico.

Hai un claro compromiso (e así me comprometín alí cos veciños) por parte do equipo de goberno, que xa falamos cos técnicos da Xunta de Galicia, para que revisen o proxecto enteiro, incluso apuntamos algunha mellora que se pode facer, e a valoración desa glorieta. Se dí por parte dalgunha persoa de que hai un informe negativo; dicir que nese sentido vamos a ser esixentes en que se fagan tódalas valoracións técnicas necesarias; si é preciso, si é posible facer ese cambio, se fará; pero o compromiso do equipo de goberno do Concello de Baiona é que vai a informar puntualmente de todo isto.

Non estamos a favor da Moción do PSOE e vamos a votar en contra, aínda que non a retirada porque entendemos que evidentemente hai vida intelixente fora de Xose Enrique Fernández e creemos que o PSOE pode presentar mocións e defendélas perfectamente; pero non estamos dacordo coa Moción porque a modificación do convenio firmado suporía o segundo convenio firmado polo Alcalde de Baiona, que sinto decilo, era eu naquel momento, e agora son eu outra vez, e sería unha perda de tempo e ademáis de diñeiro, porque o convenio o que dí é que o Concello de Baiona o único que fai é facilitar a zona de terreos e demáis pero o proxecto e a obra os paga a Xunta de Galicia; lóxicamente o Concello de Baiona non vai a pagar un proxecto.

O que sí o Concello vai facer é valorar as modificacións dese proxecto, e vai a esixir, porque Sr.Fernández: o Alcalde de Baiona non agacha as orellas ante o Sr.Feijoo, pero tampouco ante o Sr.Quintana nin o Sr.Touriño, con ningún dos 3; a mín o Sr.Quintana non me puña un Convenio e eu firmaba porque él mo dixera; o que pensaba eu era si sería beneficioso un Colexio para os nenos de Baiona, sí ou non; chamémoslle galescola ou centro de Primeira Infancia, a mín me da igual; ¿era importante para Baiona?: sí, polo tanto vou firmar con Quintana ou con que sexa.

Se dixó que os veciños de Sabaris non son tontos; nin os de Sabaris, nin os do Burgo, nin os de Bahiña, nin os de Belesar; non hai tontos; se dí "os veciños que están presentes non son tontos" e con iso parece decirse que os demáis non sabemos cómo serán; evidentemente que non o son; pero o resto tampouco; e fala o Sr.Lores da representación que nos dan; dicir que neste momento está gobernando un equipo de goberno que está falando coa oposición, pero lóxicamente as decisións as ten que tomar este equipo de goberno.

Sobre o tema da manifestación, de si estaba autorizada ou non, dicir que o único escrito da Subdelegación que chegou aquí dí que se ten por non comunicada "... de conformidade con lo establecido en la Ley Orgánica, porque no justifica ni alega la urgencia de su convocatoria y celebración", ésto lo firma el Secretario General de la Subdelación de Gobierno de Pontevedra; posteriormente, según me dixó o lúns o mando da Garda Civil en Baiona, logo houbo outra comunicación posterior; pero a que ten o Concello de Baiona é ista que leín.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Espere un momento; vou leer o escrito á atención de María Montenegro Pérez, que é a responsable local do BNG; dí: "18.7.10.- *Acuso recibo de su escrito que ha tenido entrada el 18 de junio de 2010 en el Gabinete de comunicaciones de esta Subdelación de Gobierno, de comunicación de la celebración de una concentración para el día 20 de junio de 2010, a las 12,00 h., en la salida de la autopista Vigo-Baiona, por Sabaris; a los efectos previstos por la Ley Orgánica... del 15 de julio, Reguladora del derecho de reunión. En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 16.1 de la Ley Orgánica del 92 del 21 de febrero de Protección de la seguridad ciudadana, se ha trasladado de dicho escrito de comunicación, de este acuse de recibo del mismo, al Ayuntamiento de Baiona y a la Comandancia de la Guardia Civil para proteger su celebración,*



EXCMO. CONCELO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

procurando que no se perturbe la seguridad ciudadana"; isto foi o 18.xuño.10, e o asina José Felix López Araujo, Subdelación del Gobierno en Pontevedra; eu lle dou unha copia e vostede saberá o que ten que facer.

SR.ALCALDE. - La Sra.Secretaria da fé de lo que llegó al Ayuntamiento de Baiona, y quien lo firma.

SRA.SECRETARIA. - Sí.

SR.FERNANDEZ, BNG. - Depure responsabilidais onde queira; o BNG fixo o que ten que facer e garantizoulle ós veciños que nós encargábamonos de legalizar esta concentración, e aquí tedes a contestación. O pón aquí: 18 de xuño de 2010.

SR.ALCALDE. - ¿Non é un fax?
Normalmente iso ven por fax.

SR.FERNANDEZ, BNG. - Non, eu deulle unha copia despois, non teño problema ningún.

SR.ALCALDE. - ¿é por correo electrónico?, ¿está firmado ese correo?.

SR.FERNANDEZ, BNG. - Non dirá que nós somos capaces de falsificar un documento público, só faltaría.

SR.ALCALDE. - Sra.Secretaria, creo que estos actos se comunican por escrito, vía fax.

SR.FERNANDEZ, BNG. - Unha aclaración: a Garda Civil sí acudiu alí, á concentración, e sí me viu a decir persoalmente o Sarxento que viñan a garantir o dereito a concentrarnos, non a coller o nome dos veciños, senón o dereito que tiñamos a concentrarnos, que tiñan autorización da Sudelegación do Goberno; e aquí está.

SR.ALCALDE. - Pode haber unha comunicación de dous tipos, pero isto é unha anécdota; o que decíamos era que non estamos dacordo co PSOE porque entendemos que o convenio é un convenio que favorece ó Concello de Baiona. O compromiso noso, como dixemos diante dos veciños o outro día na reunión, é ter unha reunión cos técnicos municipais, técnicos da Consellería, da Xunta, e representación de veciños; e pedínlle a unha persoa das que estaban alí si se tiña unha representación e me dixo que sí; e Ana, como é unha persoa que rapidamente responde, ó día seguinte fixo un escrito de entrada no Concello, que deume, e dí que a Comisión de afectados está formada por unha serie de persoas e que as persoas de contacto serán Ana María Rodríguez, con teléfono, e D.Roberto Valverde; eles son os puntos de contacto da Comisión de afectados; estamos dacordo, quedamos nesa reunión en facélo así; é máis, a postura do equipo de goberno é a que hoxe nos presentaron as 360 firmas e que leo textualmente, e dí: "Solicitamos a remodelación deste proxecto así como unha xuntanza con responsables do Concello de Baiona e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras cos membros da Comisión de Afectados, para darlle traslado das nosas propostas de remodelación do proxecto"; é decir, que o que firman é o que nós estamos propóndo, no que o outro día se quedou dacordo, e facer as reunións que sexan necesarias para levar a cabo a modificación do proxecto nos puntos que todos estemos dacordo e cunha Comisión de afectados. De todas formas, Sr.Lores, como o único que queda fora é vostede, non pasa nada, está representado nesta Comisión, ou sexa que non habería problema ningún. Pero non estamos dacordo coa forma do escrito do Sr.Xose Enrique Fernández porque non respeta o firmado polos veciños.

SR.FERNANDEZ, BNG. - Sr.Alcalde, o Concello de Baiona non é o goberno de Baiona; na Corporación estamos todos.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Sr.Lores, axúdeme vostede; a ver se vou a estar equivocado eu; dí "os responsables do Concello de Baiona"; ¿non era responsable o Alcalde para firmar e agachar as orellas?, ¿agora non é responsable o Alcalde?, ¿agora é vostede, Sr.Fernández?, non é serio.

Nós vamos a cumprir coa promesa que falamos cos veciños o mártres pasado; o vamos a facer; e polo tanto non podemos apoiar ningunha das dúas mocións, polos motivos referidos. Pero se vai a respetar a proporcionalidade da Comisión de goberno e a dos veciños afectados que nunha representación democrática van a estar aquí con nós; e vamos a tratar de mellorar no posible porque aínda que esté para licitación non está pechado e se pode modificar, sempre lóxicamente que haxa unhas condicións técnicas e que coincidamos nas melloras posibles dun proxecto do que analizamos só unha pequena parte pero evidentemente hai moito detrás; moito, o tema pluviais, o tema iluminación, o tema espazos verdes, moitas cousas; e creo que hai cousas que se poden mellorar e vamos a traballar para iso. Por tanto penso que a vontade popular está moi respetada, e a vamos a seguir respetando.

Sr.Fernández, falou vostede dos traballadores de Urbanismo; recorde cando botou vostede a un pobre funcionario do Concello e ocupoulle a pantalla usando a clave dese funcionario para analizar e ver información; e tivo unha concelleira que entrar alí e botálo do sitio do funcionario; non trate mal ós funcionarios.

Vamos a votar en primer lugar a retirada solicitada.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Entón se va a votar incluír a parte da oposición, e a parte non.

SR.ALCALDE.- Non entendo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vostede acaba de decir: "Sr.Lores, vostede pode participar na Comisión".

SR.ALCALDE.- Non se preocupe; ó Sr.Lores o chamo eu.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Entón deixa o PSOE dentro da Comisión, e ó BNG fora.

SR.ALCALDE.- Non; aquí vai a estar representado polo Sr.Roberto Valverde. Sr.Lores, non pode estar representado; terei unha reunión posterior con vostede.

SR. VALVERDE, BNG.- Ahí estou como representante da Comisión de Afectados, non do BNG.

SR.ALCALDE.- Sr.Lores, entón non pode ser; terei unha reunión posterior con vostede.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, o que non quere é que haxa acta reflexando o que se acorda, ese é o problema, que sexa un órgano colexiado onde se reflexa en acta a Comisión de Seguimento legalmente constituída.

SR.ALCALDE.- Eu son moi respetuoso coas firmas dos veciños, e creo que hai que respetálos.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da petición de retirada da Moción do PSOE, proposta polo BNG, resultando: 2 votos a favor da retirada, BNG; 14 votos en contra (8,PP, 1,CMÑ, 5,PSOE); polo cal rexeitase a proposta do BNG de retirá-la Moción do PSOE.

O Sr.Alcalde procede á votación da Moción presentada polo PSOE, resultando: 5 votos a favor, PSOE; fronte a 11 votos en contra (8,PP, 1,CMÑ, 2, BNG); polo cal rexeitase a MOCION do PSOE.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Moción presentada polo BNG, resultando: 7 votos a favor, 2,BNG, 5,PSOE; fronte a 9 votos en contra (8,PP, 1,CMÑ); polo cal rexeitase a MOCION do BNG.

EXPLICACION DE VOTO DO SR.LORES, PSOE.- A pesar de que o BNG non apoia a nosa Moción, eu non quero entrar en polémicas, entendemos que os veciños deben participar na vida política dentro das normas de participación, por iso votamos a favor da Moción do BNG; independentemente das palabras e das propostas que fixo o BNG en contra do PSOE. Moitas grazas.

9.- MOCIONS.

- MOCION DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE.

SRA.MIGUEZ, PSOE.- O motivo da Urxencia, soamente con ánimo de colaboración, é porque onte nos enteramos no CEIP Covaterreña que se había derogado a orde pola que se trasladaba a ensinanza de adultos do 1º de Marzo para Covaterreña; co cal en todo o Concello de Baiona non quedará dita educación de adultos, e consideramos que é un tema fundamental que siga funcionando; de feito, aquí hai xente que coñece de primeira máñ cal é o funcionamento e a importancia que ten. Creo que a comunidade educativa estaría moi satisfeita se o Concello apoiase esta reivindicación.

SR.ALCALDE.- Xa comenteulle ó portavoz que esta noticia nos chegou xusto antes de empezar o Pleno; nós lóxicamente estaríamos en contra de que se retire este servizo pero non temos información; quixeramos deixála sobre a mesa, pedir información, e trasladála, posto que estos no período de poder facélo. Necesitamos información porque co que se comenta, en principio, non estamos dacordo.

SRA.MIGUEZ, PSOE.- O problema de deixálo é que se necesitan uns prazos para volver a publicálo no Boletín, si se revoca a decisión, co cal ao mellor xa non sería posible a matrícula para o curso que ven. Estamos falando de que terían que ir os adultos á ensinanza a Escolas PROVAL, que non é precisamente o lugar máis comunicado do Val Miñor como para que vaian alumnos do Concello de Baiona; a verdade é que se perdería un servizo e unha oferta educativa moi importante.

SR.ALCALDE.- Me comprometo a pedir información; en canto a tiñamos faremos unha Comisión ou incluso, se fora necesario, un Pleno, para falar sobre este tema. E preciso ter información para saber en qué afecta, ou non; non podemos votar algo sen ter coñecemento; se nos houberamos enterado deste tema fai 24 horas podería dar tempo a ter información, pero en principio agora non a temos.

SRA.MIGUEZ, PSOE.- A información que temos nós tamén é a publicación no Boletín, dende a Consellería tampouco houbo ningunha información con respecto a este tema.

SR.ALCALDE.- Precisamente por iso queremos saber que é o que dí; si afecta ou non afecta; nós queremos lóxicamente que continue no noso Concello, iso está claro; pero queremos saber ata onde chega ou non chega.

SRA.MIGUEZ, PSOE.- Non me gustaría, por cuestión de prazos, que se corrija o risco de perder esta oferta.

SR.ALCALDE.- O que podemos facer entre hoxe e mañán é enviar un escrito por fax á Delegación mostrando esta preocupación e que nos informen; en canto chegue, que eu espero que sexa en 2 ou 3 días, facemos unha reunión e o comentamos e tomamos unha decisión.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SRA.MIGUEZ, PSOE.- Se ten que ser así que sexa, pero evidentemente creo que na exposición de motivos está bastante aclarada cal é a situación; se fai falta facilito tamén copia do Boletín. Por favor, que non se demore.

SR.ALCALDE.- Podemos ter información adicional da Consellería a ver si é así ou non; de feito nós, a nivel Concellalía, non temos información; en canto a teñamos, vos chamaremos e a revisaremos. Sra.Secretaria, queda o acordo de remitir ó Xefe Territorial de Educación esta solicitude de información para poder tomar unha decisión.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS DO PSOE.- SR.LORES.-

1º.-Entendemos que este goberno municipal, cada vez que se atopa coa area, patina; queremos facer un par de consideracións, fai 2 anos tivemos un Pleno dos máis broncos deste mandato por culpa da area da praia da Barbeira; aquel foi un Pleno desagradable; esperemos que éste non acabe como aquél; ós 2 anos aparece outra vez a area polo medio pero con outra aportación preocupante, que é que de onde se saca esta area, naquel Pleno nós recoñecemos que había que facer intervencións nos areais pero tamén decíamos que o goberno meditase e tomase conciencia do que se estaba facendo e que correxira naquel momento, que aínda era posible, toda aquela desfeita.

Os dous anos non só non foron capaces de solucionar o problema da Barbeira senón que agora se crea un novo problema que é quitarlle area a un Centro escolar. Queremos preguntar, primeiro, si se vai a seguir quitando area dese Centro escolar, e si se vai a seguir botando area na praia da Barbeira.

SR.ALCALDE.- Á primeira contestolle que non; decirlle que a rexeneración das praias está presente toda a vida, non é un tema dun día ou de dous.

SR.LORES.- Senón se vai a sacar area desa zona, ¿de onde se vai a sacar?.

SR.ALCALDE.- Levo ano e medio, ou 2, falando co Ministerio de Medio Ambiente, que é o responsable das praias; falei ca Directora Xeral Dna.Alicia Costas, e falei co Xefe Territorial, Cristobal, por certo moi amable, das posibilidades de que se poida incorporar máis area, sempre de calidade; se nos dixo que non hai cartos; de todas formas na Coruña acaban de invertir 12 millóns de euros nos arenais de Orzán.

SR.LORES.- ¿Vai a seguir botando area entón na praia, ou non?.

SR.ALCALDE.- Polo momento non.

2º.-Quixeramos saber cando dunha vez por todas o goberno vai tomar conciencia da importancia do cruceiro de Santísima Trinidad, agora que ademáis forma parte tamén do Camiño Portugués; e que é un monumento emblemático do noso Concello; que se adopten as medidas de mantemento e limpeza que merece.

SR.ALCALDE.- Estamos nun proxecto.

3º.- Con respecto ás sillas ecolóxicas, preguntamos se xa está rematado o proxecto da instalación das mesmas, que se están montando; porque estamos detectando que no material que se está utilizando parece que non é o máis adecuado, por iso preguntamos se iso vai a quedar así, todo o ferro oxidado ou se vai a ter algún outro tratamento.

SR.ALCALDE.- O material é un acero especial.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SRA.SIMONS, PP.- O que ocorre é que o tratamento que se lle deu ás sillas ecolóxicas é acero cortén e o que ocorre con este acero é que se oxida él solo, e esa película é a súa protección; noutros casos é galvanizado; outro tipo de metais algúns se pintan, outros non, pero teñen a protección. Neste caso o que ocorreu é que se colocaron se esperar a que esa película lle saíra ó acero cortén, entón o que lle está saíndo é a película protectora.

SR.ALCALDE.- O edificio en Santiago de Consellería de Medio Ambiente é do mesmo tipo.

SRA.SIMONS, PP.- E aquí a sinalización que hai no paseo marítimo de Cabo Silleiro é de acero cortén; e onde estaba o antigo helipuerto, a escultura que hai en Santa Marta, tamén é de acero cortén.

3º.- Frente ás vivendas de Almirante Fontán hai un pequeno aparcamento, alí ocuparonse dúas prazas para estas sillas; preguntamos porqué non se pode ubicar onde estaba antes, 4 metros máis arriba, e así gañaríamos unha praza de aparcamento.

SR.ALCALDE.- Analizouse pero non foi posible; según os técnicos por un tema de accesibilidade, dos propios traballadores do Concello. De todas formas, no Chaparral, se aumentaron posiblemente 40 prazas de aparcamento na parte de atrás.

Repito que o motivo foi que non houbo posibilidade; os técnicos non encontraron localización; se falou con eles para que revisaran ese emplazamento e dixeron que non, que a localización tiña que ser esa.

PREGUNTAS DO BNG.-

SR.FERNANDEZ.-

1º - ¿De quen foi a idea de retirar a area do Colexio de Sabarís?.

SR.ALCALDE.- Do equipo de goberno.

- ¿Teñen tódolos permisos e autorizacións sectoriais correspondentes?.

SR.ALCALDE.- Totalmente.

2º.- ¿Existe algún informe desfavorable da Consellería de Educación da obra executada no Colexio?.

SR.ALCALDE.- Hai un informe de precisións do que hai que recuperar ou remover, ou cambiar; de precisións de temas que había que resolver; se contestou co informe do técnico municipal.

- Entón aínda teñen temas pendentes de resolver a día de hoxe.

SRA.SIMONS, PP.- Foi un requerimento onde se pedía aclaración de certa información, como a cota á que ía chegar a excavación, ou a amplitude; e iso foi subsanado no mesmo momento.

- Pero agora mesmo está a obra rematada; ¿non hai ningún informe desfavorable da obra rematada?.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.